



CG/mfl

Asunto	Informe en relación á resposta do promotor ao informe do 07.10.2022 da Dirección Xeral de Patrimonio Natural	Clave	PE/CO/006/20(2)
Proxecto	Parque eólico Solpor		
Espazo natural	Ningún		
Conca fluvial	Río Tambre		
Concello	Mesía e Ordes		
Provincia	A Coruña		
Solicitante	Servizo de Enerxía e Minas. Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación	Ref.	IN408A 2018/26
Promotor	Green Capital Power, S.L	Ref.	

I. Antecedentes administrativos.

Mediante oficio do 10.11.2022 do Servizo de Enerxía e Minas da Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación tivo entrada, na Dirección Xeral de Patrimonio Natural, a resposta do promotor presentada o 31.10.2022 ao informe desta dirección xeral do 07.10.2022 sobre o parque eólico Solpor para o noso coñecemento e aos efectos oportunos.

A documentación que se acompaña é a seguinte:

- Resposta do 31.10.2022 ao informe emitido pola "Dirección Xeral de Patrimonio Natural".
- "DOCUMENTO DE RESPUESTA AL INFORME DE LA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL PE SOLPOR". Outubro 2022.
- "ADENDA AL ESTUDIO DE IMPACTO AMBIENTAL PARQUE EÓLICO SOLPOR". Outubro 2022.
- "ANEXO I. CARACTERIZACIÓN DE LA COMUNIDAD FAUNÍSTICA PE SOLPOR". Outubro 2022.
- "ANEXO VII. PLANES DE SEGUIMIENTO ESPECÍFICOS PE SOLPOR". Outubro 2022.





- “ANEXO XIV. ESTUDIO DE REPERCUSIONES EN ESPACIOS DE LA RED NATURA 2000 PE SOLPOR”. Octubre 2022.
- “ANEXO XV. ESTUDIO DE VEGETACIÓN ACTUAL Y HÁBITATS PE SOLPOR”. Octubre 2022.
- Archivos shape

Segundo se expresa no documento de resposta de outubro de 2022, “El objeto del presente documento es aportar a la Dirección Xeral de Patrimonio Natural la información actualizada en base a la nueva configuración del proyecto y exponer la conformidad del promotor con el contenido del informe emitido por dicho organismo”. Dado que neste documento preséntase a resposta completa do promotor, o presente informe baséase na análise da devandita documentación.

II. Resumo do proxecto.

Vólvese a analizar o proxecto polos cambios substanciais que se amosan na Adenda. Como se pode observar nas táboas, unicamente dous dos cinco aeroxeradores e 4 apoios da LAT de evacuación manteñen a súa ubicación con respecto ao proxecto que foi obxecto de información pública, mentres que os tres aeroxeradores restantes, a torre de medición, a subestación e 3 apoios da LAT de evacuación, foron reubicados atendendo ao sinalado en diferentes informes sectoriais.

Infraestructura	Configuración final		Configuración previa	
	COORDENADAS ETRS89 H29			
	X (UTM)	Y (UTM)	X (UTM)	Y (UTM)
Aerogenerador SOL-1	552.540	4.774.979	552.540	4.774.979
Aerogenerador SOL-2	553.078	4.774.791	553.073	4.774.813
Aerogenerador SOL-3	553.833	4.774.946	553.833	4.774.946
Aerogenerador SOL-4	554.901	4.773.767	554.368	4.774.858
Aerogenerador SOL-5	554.739	4.774.066	554.700	4.774.132
Torre meteorológica	552.156	4.774.756	555.032	4.773.989
Subestación (Punto)	553.688	4.775.111	554.139,63	4.774.980,15
Zona de acopios	553.717,18	4.775.120,06	554.228,26	4.774.963,65
	553.764,94	4.775.105,24	554.276,01	4.774.948,82
	553.750,10	4.775.057,49	554.261,18	4.774.901,07
	553.702,35	4.775.072,31	554.213,43	4.774.915,90
Subestación (Envoltorio)	553.680	4.775.149	554.173,90	4.775.041,13
	553.716	4.775.139	554.195,25	4.774.914,59
	553.695	4.775.072	554.172,09	4.774.921,49
	553.651	4.775.085	554.124,90	4.774.935,56
	553.644	4.775.096	554.123,19	4.774.936,04
	553.653	4.775.116	554.121,05	4.774.936,98
	553.669	4.775.111	554.119,53	4.774.937,91
	-	-	554.117,42	4.774.939,73
	-	-	554.115,71	4.774.941,87
	-	-	554.114,60	4.774.946,28






Infraestructura	Configuración final		Configuración previa	
	COORDENADAS ETRS89 H29			
	X (UTM)	Y (UTM)	X (UTM)	Y (UTM)
Subestación (Envolvente)	-	-	554.104,93	4.775.010,50
	-	-	554.102,77	4.775.024,58

*En negra los cambios de ubicación respecto al proyecto previo

Tabla 18. Comparativa de las coordenadas instalaciones de la configuración final y configuración previa



O parque eólico Solpor estará situado nos termos municipais de Ordes e Mesía (A Coruña), e formado por 5 aeroxeradores tipo N155 ou similar de ata 4,8 MW de potencia nominal unitaria, sendo a potencia total do parque eólico de 24 MW. A poligonal do parque eólico abarca unha área de 1.542,2 ha e non sofre modificacións respecto á configuración previa. Instalarase tamén unha torre de medición eólica e será necesario tamén a construción dunha subestación e edificio de control.

As características básicas do parque eólico recóllense na seguinte táboa:

Parque eólico Solpor	
Modelo aeroxerador	N155
Nº aeroxeradores	5
Potencia nominal unitaria	4,8 MW
Potencia total instalada	24 MW
Altura do buxe (m)	120
Diámetro rotor (m)	155





Subestación transformadora	Convencional, 30/220 kV
Producción media neta vertida a la rede	71.329 MWh/año
Horas netas equivalentes a potencia nominal	2.972 h

Co fin de adecuar as instalacións proxectadas á contorna e ás condicións técnicas realizaranse unha serie de actuacións para optimizar a actividade, que se enumeran a continuación:

- Accesos e viais interiores.
- Cimentacións de aeroxeradores e torre de medición.
- Plataformas de montaxe.
- Canalizacións para cableado e rede de terras.
- Movementos de terras.
- Drenaxes lonxitudinais e transversais.
- Previsión de préstamos e entulleiras.
- Zona de provisión de materiais durante a obra.
- Torre meteorolóxica.
- Subestación.

En canto aos viais, cabe destacar que no proxecto varíase o trazado dos viais para adecuarse ás novas posicións dos aeroxeradores e da torre de medición, o que conleva un aumento da lonxitude total dos viais en comparación co proxecto obxecto de información pública, pero diminúe a lonxitude total dos viais de nova execución.

Infraestrutura	Configuración final	Configuración previa
	Longitud (m)	Longitud (m)
Viales total	6.952,40	6.151
Viales novos	1.645	2.230
Viales a acondicionar	5.307,40	3.921

Por outro lado, debido á modificación dos viais, prodúcese un cambio asociado na lonxitude da gabiá de cableado, a cal aumenta, pasando de 4.072 m a 5.956,33 m. Por último, debido á modificación da ubicación da subestación, o trazado da LAT de



evacuación varía, modificándose así a súa lonxitude de 709,57 m na configuración previa a 1.049,2 m na configuración final.

Segundo a información proporcionada polo documento EslA, proxéctase unha liña de 132 kV para a evacuación do parque eólico Solpor, que ten como obxecto colleitar a enerxía xerada polo parque eólico cunha potencia total en xeración de 24 MW. Dita liña partirá do pórtico da SET Solpor, situado no municipio de Ordes, e finalizará no apoio 18 da LAT 132 kV Gasalla-Mesón, situado no municipio de Mesía. A nova liña será de simple circuito, terá unha lonxitude total de 1.049,2 metros e unha tensión entre fases de 132 kV.

Na seguinte imaxe pode verse unha superposición das configuracións previa e final do proxecto:



III. Análise da documentación.

O ámbito de actuación do proxecto non sofre grandes variacións, polo que os apartados seguintes apenas modifican o indicado no informe previo do 07.10.2022 desta dirección xeral e do informe do Servizo de Patrimonio Natural do 01.07.2022, polo tanto, examinada a documentación recibida, realízase a seguinte análise:

1. O lugar onde se localiza o proxecto non ostenta ningunha figura de espazos naturais protexidos, das recollidas na Lei 5/2019, do 2 de agosto, de Patrimonio



Natural e da Biodiversidade de Galicia, e na Lei 42/2007, do 13 de decembro, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade.

Non obstante, a ZEC (ES1110016) "Río Tambre" sitúase ao leste da poligonal e a unha distancia á infraestrutura máis próxima, o aeroxerador SOL-04, en torno los 1,3 km. Así mesmo, a ZEC (ES1110004) "Encoro de Abegondo-Cecebre" atópase ao norte da poligonal e a unha distancia á infraestrutura máis próxima (o aeroxerador SOL-03) en torno a 11,2 km. Mencionar tamén que a ZEC (ES1110007) "Betanzos-Mandeo" sitúase ao noreste da poligonal e a unha distancia á infraestrutura máis próxima (o aeroxerador SOL-05) de máis de 17 km. Ao norte da poligonal do PE Solpor localízanse dous ENIL, o ENIL Abelleira situado en torno a 4,3 km do AE SOL-01 e o ENIL Ribeiras do Mero-Barcés situado entorno a 5,1 km del AE SOL-03.

2. A zona onde se desenvolve o proxecto non se atopa en ningún espazo que, neste momento, se encontre en estudo na Dirección Xeral de Patrimonio Natural por reunir importantes valores ambientais.
3. De conformidade co artigo 75 da Lei 5/2019, do 2 de agosto, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia, a zona de actuación non está comprendida dentro dos límites de ningunha área protexida por instrumentos internacionais. Non existe ningunha reserva da biosfera na área de estudo, aínda que "Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo" atópase a tan só 1,3 km do aeroxerador SOL-03.
4. Revisado o Inventario de humidaís de Galicia (IHG), creado polo Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidaís protexidos e se crea o Inventario de humidaís de Galicia, obsérvase que, o desenvolvemento do proxecto, non afecta a ningunha das zonas húmidas recollidas no dito inventario.
5. O proxecto non afecta a áreas prioritarias para avifauna ameazada e/ou zonas de protección da avifauna contra liñas eléctricas de alta tensión, segundo o establecido na Resolución do 18 de outubro de 2021, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, pola que se actualiza a delimitación das áreas prioritarias de reprodución, de alimentación, de dispersión e de concentración local de aves





incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas e se dispón a publicación das zonas de protección existentes na Comunidade autónoma de Galicia en que serán de aplicación medidas para a protección da avifauna contra a colisión e a electrocución en liñas eléctricas de alta tensión.

6. A actuación prevista atópase próxima a dous ríos e regos:

Ríos/Regos/Encoros	Distancia (m)
Rio Cedeiras	0 (cruza)
Rego de Castrexo	119

7. De conformidade co Atlas de hábitats naturais e seminaturais de España (2005), realizado polo Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente (actual Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico), na zona de actuación localízanse teselas onde se identificaron os seguintes hábitats naturais de interese comunitario ou prioritarios:

Código UE	Prioritario	Denominación
4020	Si	Uceiras húmidas atlánticas de zonas mornas de <i>Erica ciliaris</i> e <i>Erica tetralix</i>
4090	Non	Uceiras oromediterráneas endémicas con toxo

8. No ámbito de actuación non están presentes árbores ou formacións incluídas no Decreto 67/2007, do 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo galego de árbores senlleiras.

9. Segundo se deriva da información dispoñible na Dirección Xeral de Patrimonio Natural, a cuadrícula na que se inclúe o ámbito de actuación do proxecto (UTM 10x10 29TNH57), correspóndese coa área de distribución da seguintes especies protexidas, incluídas no Decreto 88/2007 do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas (CGEA):

❖ Fauna

Especie	CGEA
INVERTEBRADOS	
<i>Geomalacus maculosus</i>	V
<i>Margaritifera margaritifera</i>	E
AVES	
<i>Milvus milvus</i>	E
<i>Gallinago gallinago</i>	E(1)





Especie	CGEA
<i>Vanellus vanellus</i>	E(1)
<i>Scolopax rusticola</i>	V(1)
<i>Circus pygargus</i>	V
MAMÍFEROS	
<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>	V

(E) En perigo de extinción.

(V) Vulnerable.

(1) Poboación nidificante.

Non obstante, cabe salientar que os datos sinalados anteriormente están referidos a información asociada a unha cuadrícula 10x10 km, polo que unicamente proporciona unha primeira aproximación de cara á realización da análise.

Segundo o “Atlas de aves reprodutoras” publicado polo MITECO en 2003, non é previsible atopar parellas nidificantes (*Vanellus vanellus*) na zona onde se localiza este proxecto⁴.

10.O proxecto non está incluído dentro do ámbito de plans de recuperación ou conservación de especies protexidas.

11. Con respecto ao EsIA do parque eólico cabe facer as seguintes observacións por parte desta dirección xeral:

Vexetación actual

Segundo se indica no EsIA comprobouse que a cuberta vexetal existente actualmente na área de estudo está moi ligada ao uso do chan levado a cabo pola poboación, dominando un mosaico de prados e cultivos e plantacións forestais de eucaliptos e piñeiros para aproveitamento madeireiro, con presenza en certas zonas de matogueira constituída na súa maioría por toxo. Ademais, diferénciase vexetación autóctona ao marxe dos cursos fluviais e pequenos bosquetes mesturados con especies de repoboación.

Identificación e Valoración de Impactos

Segundo o EsIA conclúese que o parque eólico Solpor producirá un impacto ambiental global compatible, tendo en conta a aplicación de todas as medidas protectoras e correctoras propostas, así como o Plan de Vixilancia Ambiental



incluído no estudo para minimizar o restablecer aqueles impactos valorados como compatíbles e moderados.

Unha vez realizada a revisión do estudo das posibles afeccións nas distintas fases do proxecto e propostas as medidas de protección, control e seguimento pódese concluír que, a pesares de que se producen unha serie de cambios respecto ao “Estudio de Impacto Ambiental Parque Eólico Solpor. Outubro 2021.”, e que estes cambios producen unha variación na valoración dos impactos, a valoración do impacto global segue sendo a mesma. De esta forma, podemos ultimar que a pesar de que se producirán unha serie de alteracións sobre o medio de carácter negativo, a súa magnitude en conxunto pode ser asumida polo mesmo.


Impacto sobre os hábitats naturais

Coa modificación do proxecto, realízanse novas prospeccións no entorno do parque para caracterizar a posible nova afección aos hábitats naturais.

Na configuración previa non se producía ningunha afección aos hábitats de interese comunitario o prioritario segundo o Atlas e Manual de Interpretación dos hábitats españoles, mentras que na configuración final, debido á reubicación do vial de acceso a SOL-03, da subestación e a zona de acopios estas se atopan sobre o polígono 19601, que contén os hábitats de interese prioritario 4020* - *Uceiras húmidas atlánticos de zona mornas de Erica ciliaris e Erica tetralix e de interés comunitario 4090 - Uceiras oromediterráneos endémicos con toxo*.

Os resultados das mostraxes confirman que as zonas cartografadas como hábitats de interese comunitario ou prioritario segundo o Atlas e Manual de Interpretación de los hábitats españoles, realizado polo Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente (final Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico), e que se ven afectadas potencialmente polo proxecto, na actualidade atópanse degradadas e substituídas maioritariamente por plantacións forestais e zonas de pradeiras, polo que a afección a estes hábitats considérase negativa non significativa.





Como se pode observar nas imaxes anteriores, na configuración previa e configuración final prodúcense practicamente as mesmas afeccións sobre os hábitats de interese comunitario ou prioritario segundo o Plan Director RN 2000 asociados ás ZEC. Estas afeccións son sobre a unidade ambiental UA220 correspondente a "Aguas corrientes", a cal engloba aos hábitats de interese comunitario 3260 (Ríos de pisos de chaira a montano con vexetación de *Rannunculion fluitantis* e de *Callitricho Batrachion*) e 6430 (Megaforbios eutrofos hidrófilos das orlas de chaira e dos pisos montano a alpino), e o hábitat de interese prioritario 91E0* (Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior*).





A valoración do impacto sobre estes hábitats do Plan Director no EsIA previo (outubro 2021) foi de non afección aos mesmos debido a que os viais que afectaban a estes hábitats eran viais existentes a acondicionar.

Segundo as mostraxes realizadas en base ás zonas cartografadas, dispoñibles no visor xeográfico de conservación da natureza da Xunta de Galicia e que se ven afectadas potencialmente polo proxecto, na actualidade atópanse degradadas. Sen embargo, neste caso conclúen unha afección puntual e localizada por parte do proxecto sobre pequenas zonas de hábitats de interese comunitario e prioritarios.

HÁBITATS AFECTADOS				
Unidad ambiental	Hábitat	Prioritario	Estado de conservación	Impacto
UA220	3260	No	Alterado por el uso antrópico de la zona, predominando los pastizales y las plantaciones forestales	Negativo No significativo
	6430	No	Alterado por el uso antrópico de la zona, predominando los pastizales y las plantaciones forestales	Negativo No significativo
	91E0*	Sí	Alterado por el uso antrópico de la zona, predominando los pastizales y las plantaciones forestales	Negativo No significativo

Tabla 35. Análisis de campo de la afección a hábitats de interés comunitario o prioritario según el Plan Director RN 2000 asociados a las zonas de especial conservación de la naturaleza

O EsIA menciona que esta afección prodúcese maioritariamente en zonas de acondicionamento de viais, sendo esta afección dunha magnitude mínima.

Ademais, tamén se confirmou a ausencia de outros tipos de hábitat non catalogados que puidesen estar presentes nas zonas de afección.

Polo tanto, na comparación da afección producida por ambas configuracións non se produce unha variación significativa, xa que afectan practicamente aos mesmos hábitats, pero o que sí que varía é a valoración que se lle da a ese impacto. Isto débese a que no EsIA previo (outubro 2021) valorábase como non afección a presenza de hábitats en viais a acondicionar, mentres que na presente valoración, se cataloga como afección puntual e localizada.

Por isto, a valoración do impacto do parque eólico Solpor sobre os hábitats naturais varía, pasando de negativo non significativo na configuración previa a negativo significativo compatible na configuración final.






Impacto sobre a vexetación

A modificación do proxecto produce a modo de resumo a seguintes afeccións.

CUANTIFICACIÓN DE LA AFECCIÓN A LA VEGETACIÓN (m ²)				
Agrosistemas	Replantacións forestais	Matorral	Frondosas caducifolias	Bosque mixto
23.221	64.831	5.576	942	13.663

Tabla 37. Cuantificación total de la afección a la vegetación en la configuración final

Como se observa na táboa anterior, a comunidade vexetal máis afectada son as repoboacións forestais de piñeiro e eucalipto e, en segundo lugar, os agrosistemas (pradeiras e cultivos), cuantificando a afección nunhas 6,48 ha e 2,32 ha respectivamente, o que representa un 59,90% e un 21,45% da superficie de afección á vexetación. A terceira comunidade vexetal máis afectada son os bosques mixtos de coníferas, eucalipto, caducifolias e monte baixo, con 1,37 ha afectadas; seguido polas matogueiras con 0,56 ha e, por último, os bosques de caducifolias con 0,09 ha; o que representa o 12,62%, 5,15% e 0,87% respectivamente.



Con todo iso realízase unha nova valoración do impacto sobre a vexetación presente no ámbito de estudo, sen embargo esta valoración non varía, polo que se cataloga como negativo significativo moderado.

Impacto sobre a fauna



Segundo o EsIA e debido a que as modificacións no proxecto non producen cambios nas afeccións sobre este factor, a valoración do impacto do parque eólico Solpor sobre a fauna non varía, valorándose como negativo significativo moderado.

Por outra banda, falta a cartografía e medidas a adoptar con respecto das redes primarias das faixas de xestión da biomasa vexetal existente na contorna onde se van a desenvolver as obras, segundo o artigo 20 bis.c) da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

Efectos acumulativos e sinérxicos

O EsIA no seu Anexo X "Estudio de efectos acumulativos y sinérgicos del nudo Vesón do Vento. Julio 2021", leva a cabo o estudo de efectos acumulativos e sinérxicos para os elementos do medio, considerando todos os proxectos de características similares nunha contorna de 5 km.

O EsIA considera suficiente este radio de 5 km para que non se produzan efectos conxuntos entre parques eólicos y LATs sobre a maior parte dos factores ambientais, prestando especial atención ao impacto sobre a avifauna e quirópteros, xa que este radio cubre a maior parte das áreas de campeo das principais especies de rapaces que, de acordo á bibliografía o ao resultado dos traballos de campo realizados, poden encontrarse na contorna e sobre a paisaxe.

O número total de aeroxeradores para este ámbito de estudio é de 45, que forman parte de 8 parques eólicos, son parques eólicos do nudo Mesón do Vento:

- ❖ 4 son do promotor Green Capital Power S.L. : (PE Abrente (5), PE Legre (7), PE Solpor (5), PE Gasalla (7),
- ❖ PE doutros promotores: PE Encrobas (4), PE Meirama (13), PE Monte San Bartolomé (12), PE Alto dos Borralllos (15).
- ❖ O número de liñas eléctricas consideradas é de 24, contando coas 4 integradas no nudo Mesón do Vento, promotor Green Capital Power S.L.

No EsIA, como conclusións ao respecto establecen as seguintes:





- ❖ O risco por mortes por electrocución potencialmente será moi baixo nas liñas eléctricas obxecto de estudo e non existirán efectos sinérxicos entre todas as infraestruturas da contorna.
- ❖ A concentración de infraestruturas podería incidir nunha maior probabilidade de colisión. Non obstante, as distancias entre aeroxeradores e parques se considéranse máis que suficientes para o paso das aves. En canto ás LATs, tamén se localizan a unha distancia suficiente, pero a disposición das zonas de colisión a diferentes alturas entre as LATs e os aeroxeradores pode aumentar o risco de colisión. Polo tanto, se ben a probabilidade de colisións espérase que sexa baixa ou moi baixa, sí que existe posibilidade de potenciais efectos sinérxicos entre as infraestruturas estudadas o cal pode provocar puntuais accidentes por colisión.
- ❖ Por outra parte, hai que ter en conta que as especies presentes na zona de estudo son maioritariamente paseriformes (voo rasante, a escasa altura, por debaixo da zona de varrido dos aeroxeradores) espérase que a sinistralidade sexa baixa ou moi baixa.
- ❖ As melloras técnicas que incorporarán os aeroxeradores a instalar diminúen a probabilidade de colisión ao reducir a velocidade de xiro das palas y aumentar a capacidade de detección, ademais a ausencia de rutas migratorias e de especies especialmente sensibles na zona, fan prever que o número de colisións sexa reducido e en caso de producirse trátase de especies comúns con alta taxa de reposición, non poñéndose en risco a súa presenza e conservación na zona.
- ❖ Polo que respecta ás molestias e desprazamentos da fauna, entre as especies que poderían sufrir desprazamentos por incremento da presenza humana e as súas instalacións, estarían as rapaces nidificantes.
- ❖ En canto ao efecto barreira, a área de estudo non se trata dunha zona que presente unha elevada densidade de aves, nin conta coa existencia de importantes rutas migratorias, polo que non se prevé a existencia de efectos acumulativos ao respecto.





- ❖ No plan de vixilancia ambiental contéplase o seguimento dos potenciais efectos acumulativos e/ou sinérxicos sobre as poboacións de aves e quirópteros xa que, aínda que os riscos esperables supóñense que serán baixos, de esta maneira poderán ser detectados e corrixidos con prontitude.

12. Neste punto darase contestación ás respostas efectuadas pola promotora ao informe desta dirección xeral do 07.10.2022 no documento de título "DOCUMENTO DE RESPUESTA AL INFORME DE LA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL PE SOLPOR".

Neste documento o promotor manifesta a súa conformidade cos condicións sinaladas en devandito informe. Non obstante interpón algún matiz tal que:

- ❖ Para o suposto da condición exposta pola dirección xeral en relación aos quirópteros e que recollía que *"Restrinxirase a rotación das pas das turbinas o máis posible por baixo da velocidade de réxime, determinando a velocidade do vento en buxe por baixo da cal os aeroxeradores permanecerán parados"* o promotor indica que para poder operar a velocidades inferiores á velocidade de réxime, a empresa promotora realizará un estudo que analiza con detalle as frecuencias de voo de cada especie de morcego en función das condicións de operación que se pretendan aplicar (mes do ano, horario diario, velocidades de vento, etc.).

En atención a esta resposta esta dirección xeral estima adecuada a proposta sempre en cando se axusten aos mínimos referidos no condicionado do informe do 07.10.2022..

- ❖ E para o suposto da condición exposta pola dirección xeral en relación ás aves que sobre a necesidade de implementar tecnoloxías de redución do impacto por colisións como sistemas de detección baseados en vídeo (DtBird ou similar) o promotor indica que no momento da construción do parque eólico, e en base aos estudos realizados, estudaranse as mellores tecnoloxías dispoñibles no mercado para a redución do impacto por colisións, sen descartar sistemas baseados en vídeo (DtBird ou similar) así como as súas melloras.



En atención a esta resposta esta dirección xeral estima adecuada a proposta sempre en cando os sistemas a implementar adopten os mínimos referidos no condicionado do informe do 07.10.2022.

13. En último lugar derivado da gran proliferación de proxectos eólicos convén facer mención aos efectos sinérxicos e acumulativos do proxecto para elo se contemplará o recollido polo promotor e a análise efectuada por esta dirección xeral:

Neste sentido o EslA no seu Anexo X "Estudio de efectos acumulativos y sinérgicos del nudo Vesón do Vento. Julio 2021", leva a cabo o estudo de efectos acumulativos e sinérxicos para os elementos do medio, como xa se indicou no apartado III.11 deste informe.

Vista a información achegada na documentación ambiental se procede de seguido a expor a análise e valoración desta dirección xeral, neste senso indícase o seguinte:

As áreas de desenvolvemento eólico (ADE) son os espazos delimitados polo Plan sectorial eólico de Galicia, susceptibles de acoller a un ou a varios parques eólicos, sempre que resulten ambientalmente viables.

Os impactos que un parque eólico pode xerar sobre o patrimonio natural e a biodiversidade poden chegar a xerar efectos acumulativos e sinérxicos, especialmente sobre as poboacións de aves e quirópteros. No caso de Galicia, este tipo de impactos secundarios irá en aumento, en paralelo coa crecente densidade de aeroxeradores.

As máquinas que se instalan, de tipo tripala, teñen como efecto máis evidente e medible a morte por colisión de aves e quirópteros. Algunhas das especies máis afectadas teñen poboacións reducidas e baixas taxas de substitución. En consecuencia, vén establecendo por esta Dirección Xeral de Patrimonio Natural unha serie de medidas dirixidas a minimizar este impacto.

Con todo, as aliñacións e conxuntos de aeroxeradores de varios parques eólicos poden xerar efectos sinérxicos e acumulativos que deben ser valorados.



Co fin de analizar estes efectos, calculouse por esta dirección xeral, como primeiro paso, o espazo afectado polos aeroxeradores dentro do ADE e as ADE veciñas, considerando que a área afectada por cada aeroxerador esténdese en 1 km á redonda de cada posición (tomando esta distancia en base ao menor radio das áreas de campeo dos rapaces presentes na zona, tomadas de Atienza, J.C., I. Martín Fierro, O. Infante, J. Valls y J. Domínguez. 2011. Directrices para la evaluación del impacto de los parques eólicos en aves y murciélagos (versión 3.0). SEO/BirdLife, Madrid). Consideráronse tanto as máquinas en funcionamento ou aprobadas como as dos proxectos con fito en xaneiro de 2023.

Para valorar a importancia da superficie afectada comparouse a suma de áreas afectadas coa dispoñible dentro do ADE e ADE veciñas, ponderada en función dos seguintes criterios:

- ❖ Rede galega de espazos protexidos e espazos ben conservados en estudo.
- ❖ Áreas incluídas na Resolución do 18 de outubro de 2021, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, pola que se actualiza a delimitación das áreas prioritarias de reprodución, de alimentación, de dispersión e de concentración local de aves incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas e dispónse a publicación das zonas de protección existentes na Comunidade autónoma de Galicia en que serán de aplicación medidas para a protección da avifauna contra a colisión e a electrocución en liñas eléctricas de alta tensión, ou na área crítica para o aguia real, elaborada no ano 2012 pola entón Dirección Xeral de Conservación da Natureza co obxecto de permitir o seu uso nos procedementos de avaliación de efectos de plans e proxectos sobre as especies ameazadas en Galicia.
- ❖ Reservas da biosfera.
- ❖ Resto do territorio.

A partir desta aproximación, en segundo lugar avalíase a situación local. Así, para o caso que nos ocupa, o proxecto analizado sitúase nunha contorna onde se considera que o aumento de densidade de aeroxeradores non producirá efectos sinérxicos incompatibles.



IV. Conclusións.

Á vista dos antecedentes e da análise da documentación achegada para dar resposta ao informe desta dirección xeral do 07.10.2022, considérase que **non é previsible que o proxecto xere efectos significativos, sendo compatible coa preservación do patrimonio natural e a biodiversidade, polo que se emite informe favorable**, sempre e cando se garanta o cumprimento das medidas contempladas na documentación achegada e as que foran recollidas no condicionado do informe do 07.10.2022.

O presente informe emítese sobre a documentación achegada e sen prexuízo doutras comunicacións, autorizacións e/ou informes precisos debendo cumprir o establecido no resto da lexislación que lle sexa de aplicación. Calquera modificación do proxecto que teña algunha afección sobre o medio natural, requirirá o seu informe correspondente.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

O xefe do Servizo de Análise de
Proxectos, Plans e Programas

Carlos González Andrés

Visto e Prace

O subdirector xeral de Espazos Naturais

Tomás Fernández-Couto Juanas

